




CABO TOURIÑÁN

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2025



Distancia: 4,7 Km (circular)
Dificultade: baixa



O cabo Touriñán forma parte da Costa da morte, no concello de Muxía. É unha pequena península cunha altura máxima de 93 metros sobre o nivel do mar (Petón Pequeno). É o punto máis occidental de Galiza (máxima lonxitude occidental de Galiza con 9º 18' 189" ao Oeste de Greenwich, e da España peninsular.

Dominan as rochas graníticas fortemente erosionadas polo mar e o vento que da lugar a formas de penedos e laxes moi variadas e praias de coídos, furnas, illotes.

Touriñán é un excelente lugar para contemplar os pasos migratorios das aves.

Dúas veces ao ano, a principios da primavera e finais do verán, o cabo Touriñán convértese na última liña de sombra do ocaso na Europa continental. É lugar por onde desaparece o último raio de sol. Uns dous meses e medio ao ano para gozar dun simbólico solpor.



Cabo Touriñán



Cabo Touriñán vista norte

PERCORRIDO

O traxecto dende a vila de Muxía ata o cabo Touriñán é duns 17 quilómetros a carón da costa. Facer o camiño a pé é unha excelente oportunidade para coñecer de primeira man este litoral abrupto e áspero, con unha paisaxe espectacular e unha grande variedade de elementos para coñecer.

Desde Muxía en coche: 22 km

Desde Dumbría en coche 19 km

Desde Santiago de Compostela en coche: 81 Km

Propoñemos unha pequena ruta circular que parte da punta Finxil e vai seguindo o litoral polos carreiros máis achegado ao mar. Ás veces hai que facer pequenos desvíos para achegarnos a algún punto de interese, tendo en conta que coa marea baixa hai máis posibilidades. Rematamos no Coído e Porto de Touriñán e desde alí volvemos ao lugar onde deixamos o coche.



Vista da Punta Finxil desde O Cociñadoiro

Cabo Cociñadoiro

De Punta Gaivoteira ao Cabo Cociñadoiro





Punta Gaivoteira a Punta Sualva



Rego Areais
Cabo Touriñán





Cabo Touriñán



Pedra do Beiñán



Cabo Touriñán



Faro de Touriñán, inaugurado en 1898.
En 1981 fíxose a segunda torre
Altura: 11 m sobre o terreo e
65 m sobre o nivel do mar
Alcance: 24 millas





Illa Herbosa nde se atoparon restos arqueolóxicos

Coído



Punta Percebellido



Punta Laxeira



Coído e porto de Touriñán